

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 16 de maio de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezaseis demaio de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(446).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 5 de maio de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(447).- ABOAMENTO Á FUNDACIÓN PROVIGO DA APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COMO SOCIO FUNDADOR. EXPTE. 11177/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.14, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 11.04.14, que di o seguinte:

*A Fundación Provigo naceu 1992 como un lobby promovido dende o Concello donde se sentarían as principais entidades públicas e empresas da área co gallo de reflexionar e facer propostas a prol da cidade, constituíndose definitivamente con data 18 de febreiro de 1993 e inscrita no rexistro auxiliar de Fundacións de Interés Galego da Consellería de Economía e Industria co nº 5, acolléndose os beneficios fiscais establecidos na ley 49/2002 de 23 de decembro.*

Posteriormente adquiriu a constitución definitiva o abeiro do artigo 34.1 da Constitución Española.

Deste xeito a "Fundación Provigo e a súa área", se rexiran pola ley 12/2006 de 1 de decembro de Fundacións de Interés Galego así como polo Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interés Galego, aprobado polo decreto 248/1992 de 18 de xuño, e asemade polas disposicións do Regulamento das Fundacións de Interés Galego aprobado polo decreto 15/2009 de 21 de Xaneiro.

No artigo 7/d dos Estatutos da Fundación se sinala que o Patronato e soberano no cumprimento da súa misión para establecer as aportacións dos membros fundadores adheridos e colaboradores. No orzamento municipal figura a partida 912.0.226.99.03(Cuota Fundación Provigo) para atender este gasto.

En aplicación de todo ante dito con data 11 de decembro 2013, o Patronato da Fundación , aprobou como cuota a aportar polo Concello como membro fundador a contía de 48.061,00€.

Por todo isto proponse o seguinte:

Aprobar o gasto de 48.061,00€ correspondente a aportación do Concello de Vigo como socio fundador da Fundación Provigo e proceder a o seu aboamento e isto con cargo a partida 912.0.226.99.03(Cuota Fundación Provigo).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(448).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.530,96 € A FAVOR DE EULEN SEGURIDAD S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NA UAD CEDRO E UBAS- ABRIL 2014. EXPTE. 2143/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.05.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 87.05.14, conformado polo xefe e pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.530.96 euros, a favor de EULEN SEGURIDAD, S.A. (CIF: A-28369395), pola prestación dos servizos de vixilancia e seguridade na unidade asistencial de drogodependencias CEDRO e nas UBAS, durante o mes de abril de 2014.

2º.- Imputar o gasto de 5.530.96 euros a partida orzamentaria 3133.2270100 "Contratación Servicio Seguridade", minorándoo do RC 201400020621.

#### **4(449).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

##### **A) PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. EXPTE. 5157/104**

Visto o informe de fiscalización de data 8.05.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L. a fianza de 2.314,77 euros constituída para responder de servizo de promoción e impulso de comercialización turística no mercado asiático, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

##### **B) IMES S.A. EXPTE. 4805/241.**

Visto o informe de fiscalización de data 7.05.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a IMES, S.A. a fianza de 6.041,75 euros, constituída para responder da subministración de material eléctrico para substitución do que se atopa deteriorado, xa que foi recibido mediante acta de 28 de febreiro de 2010 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

#### **5(450).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS NO MES DE ABRIL DE 2014. EXPTE. 313/330.**

Mediante escrito de data 8.05.14, en cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de abril de 2014, que son os seguintes:

SERVIZO: Área de Cultura, Festas e Museos

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
308/330	03/04/14	CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN ARTÍSTICA E COORDINACIÓN DO "FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS 2014"	33402270900	20255	6.050,00 €	Amador García Silva

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**6(451).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN GASTO MENOR REALIZADOS POLO SERVIZO DE CULTURAL DURANTE O MES DE ABRIL DE 2014. EXPTE. 14669/331.**

Mediante escrito de data 8.05.14, en cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de abril de 2014, que son os seguintes:

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
14614/331	Contratación do servizo de produción dos espectáculos programados para realizar no Auditorio Municipal do Concello nos meses de abril e maio dentro do programa Vigocultura	Producción e Xestión Cultural S.L.	B36743755	13.654,51 €
14617/331	Contratación dunha función do espectáculo "O home almofada" da compañía Ilmaquinario Teatro, o venres 2 de maio, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	Laura Míguez Escudero	44455150Z	2.028,00 €
14624/331	Pintado sala infantil e hemeroteca da biblioteca Juan Compañel	José Manuel Muíños Rodríguez	36130547P	3.583,77 €
14625/331	Subministración de materiais de reparación e mantemento para as bibliotecas Juan Compañel, Neira Vilas e Casa Galega da Cultura	José Manuel Muíños Rodríguez	36130547P	2.766,12 €
14626/331	Traballos de reparación e mantemento nas bibliotecas Juan Compañel, Neira Vilas e Casa Galega da Cultura	José Manuel Muíños Rodríguez	36130547P	1.159,95 €
14627/331	Contratación dunha función do espectáculo "Cantigas de chupeta" da compañía Golfiños, o domingo 25 de maio, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	MUSICS DE GIRO-NA SCCL	F17459991	780,00 €
14630/331	Dereitos de autor da programación Vigocultura no Auditorio Municipal do Concello nos meses de abril e maio	Sociedade Xeral de Autores e Editores	G28029643	2.491,37 €
14632/331	Reparación, subministración e instalación de fundas de aillamento de cableado motor do ascensor da biblioteca Juan Compañel	KONE ELEVADORES S A	A28791069	212,57 €
14651/331	Reparación do queimador da caldeira de calefacción da Biblioteca Juan Compañel	ALTAIR INGENIERIA Y APLICACIONES S A	A15208408	957,00 €

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**7(452).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO PARA O EXERCICIO 2014. EXPTE. 715/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.05.14, o informe de fiscalización do 13.05.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, do 30.04.14, conformado polo xefe do Serizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e polo concelleiro-delegado da Área de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda

PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 605.000,00 € (seiscentos cinco mil euros) á Fundación MARCO, CIF: G36909885, co obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2014, con cargo á partida 3340.489.00.03 “Fundación MARCO”, que figura no orzamento prorrogado de 2013 do Concello de Vigo para o ano 2014. Nesta contía está incluído o importe outorgado como subvención a conta pola Xunta de Goberno Local do 14 de marzo de 2014.

SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN MARCO, para funcionamento e actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo durante o ano 2014, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003); Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto prorrogado de 2013 do Concello de Vigo para o ano 2014, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade e funcionamento da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e outras entidades; acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu regulamento e cos Estatutos da Fundación MARCO (aprobados polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 29 de xullo de 2002). Nos propios estatutos establécese que o Concello de Vigo, como entidade fundadora forma parte do Padroado e en virtude da súa achega, adquiriu o compromiso estable no desenvolvemento da Fundación; enténdese que a forma de levalo a cabo é contribuír ao sostemento do seu programa e funcionamento; de tal forma que a subvención non sería susceptible de concorrencia competitiva.

#### TERCEIRO.- CONDICIÓNS E OBRIGAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO.

Aprobar as condicións de concesión da subvención á Fundación MARCO; segundo establece tanto a Lei Xeral de Subvencións como a Lei de subvencións de Galicia, que indican que a resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables. A Fundación MARCO deberá asumir as condicións e obrigas que se detallan de seguido:

#### PRIMEIRA.- OBXECTO.

A presente subvención outorgada á FUNDACIÓN MARCO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, ten como obxecto o financiamento do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao orzamento de 2014.

As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN MARCO consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións, actividades didácticas, cursos para adultos, conmemoracións, servizos e actividades da biblioteca-centro de documentación, actividades da Agrupación de Amigos do Marco, visitas guiadas e outros servizos, así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.

#### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto da subvención ascende a 888.666 €. A FUNDACIÓN MARCO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 605.000,00 € (seiscientos cinco mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.03 "Fundación MARCO" do presuposto prorrogado de 2013 do Concello de Vigo para o ano 2014; que supoñen o 70,28 % do total do presuposto.
- Xunta de Galicia 100.000,00 € ( 11,62%)
- Ministerio de Cultura 48.730,00 € ( 5,66%)
- Ingresos extraordinarios 45.966,00 € ( 5,34%)
- Ingresos actividades propias ou patroc. 46.188,00 € ( 5,37%)
- Amigos MARCO 15.000,00 € (1,74 %)

#### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.

1. Cumprir e organizar o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN MARCO, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa desta subvención.
4. Colaborar co Concello de Vigo coa participación da Fundación MARCO na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).
6. A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades do MARCO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN MARCO é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos podería determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución de determinados elementos do programa, sempre que non alteren sustancialmente o obxecto da subvención, o funcionamento do centro e os seus programas de actividades; de acordo co previsto no apartado 5 da condición TERCEIRA do presente acordo de concesión da subvención.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados; ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

#### SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 7/2007 de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo de Arte Contemporánea, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, Festas e Museos para que os elementos sexan subvencionables.

#### SÉTIMA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN MARCO do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2014 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, de acordo co seguinte calendario de tramitación:

- a) Unha primeira achega, por importe de 151.250,00 €, de acordo coa xustificación presentada pola Fundación Marco en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de marzo de 2014.
- b) Unha segunda achega, por importe máximo de 151.250,00 € antes do 30 de xuño de 2014 ou dentro do mes seguinte á concesión.
- c) Unha terceira achega, por importe máximo de 151.250,00 € antes do 30 de setembro de 2014, en todo caso antes do límite da data de liquidación.
- d) Unha cuarta achega, por importe de 151.250,00 €, ou pola contía pendente respecto ao total da achega outorgada, ata o día 28 de novembro de 2014, xunto coa liquidación da subvención.

#### DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas.-

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Informe sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN relativo ao período solicitado.
- c) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do MARCO, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- d) Documentos orixinais acreditativos do gasto de acordo co establecido neste acordo de outorgamento e na normativa sobre subvencións.
- e) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.
- f) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos; dentro do período de xustificación. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas ao MARCO, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- g) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
- h) Acreditación da difusión do carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do programa de actividades e funcionamento; particularmente nos propios centros, páxina web, publicacións, presentacións e difusión de actividades.
- i) A efectos de xustificar as condicións impostas e consecución de obxectivos da subvención outorgada, con cada solicitude de pagamento da subvención, a Fundación Marco presentará ao Concello de Vigo os seus estados contables, de tal forma que: a) a información necesaria para determinar a contía da subvención poida deducirse directamente dos estados financeiros incorporados á información contable de obrigada preparación polo beneficiario; b)



*a citada información contable fora obxecto de auditoría conforme ao sistema previsto no ordeamento xurídico ao que estea sometido o beneficiario.*

*A primeira e a segunda achegas consideraranse pagamentos a conta da subvención outorgada.*

*Para o trámite da terceira achega:*

*Presentarase a documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación MARCO, relativo á liquidación do orzamento ordinario do ano anterior, do balance de situación, conta de resultados, etc.; certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade; acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia. Tamén se presentará o informe de auditoría externa previsto no apartado 4, do artigo 31 dos Estatutos, sen prexuízo daquelas outras auditorías ou controles que veñan esixidos pola natureza pública da subvención outorgada.*

*Para a liquidación da subvención.-*

*Para a liquidación da subvención, e cuarta achega de 2014, a FUNDACIÓN presentará a seguinte documentación ata o día 28 de novembro de 2014:*

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN no exercicio 2014, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:*
  - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).*
  - Memoria de prensa.*
  - Memoria económica e conta xustificativa, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.*
  - Documentación xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*A xustificación da subvención realizarase no prazo previsto neste acordo de concesión e consonte a normativa vixente; de non xustificarse nos prazos previstos o beneficiario, neste caso a FUNDACIÓN MARCO, perderá o dereito á mesma.*

*Ademais da conta xustificativa, poderían recabarse as facturas acreditativas do gasto que deberán recoller os datos do emisor, número de CIF, a data, o número, os conceptos e importes desglosados, o IVE. Estes xustificantes quedarían a disposición do Concello de Vigo; non se admitirían facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computaríase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que a FUNDACIÓN MARCO xustifique que estea exenta de IVE; os xustificantes corresponderían aos gastos vinculados directamente co obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade da entidade beneficiaria que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación do pagamento da subvención e das achegas parciais está condicionado á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, despois dos informes técnicos necesarios.

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia da FUNDACIÓN ao longo do exercicio 2014, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados. Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeitada preparación; establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata o 1% do importe do convenio. Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo, as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

#### COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCiónS OU AXUDAS E IMPORTE TOTAL.-

Esta subvención á FUNDACIÓN será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso, o importe total das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 17.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ao fondos recibidos (importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas).

#### OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación MARCO de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte remitirá ao Concello de Vigo os seus orzamentos e a liquidación dos mesmos dentro dos prazos legais, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

*Asi mesmo con carácter trimestral remitirán a información de pagamentos para os efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.*

*Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, con carácter trimestral queda obrigada a remitir toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.*

**NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.**

*O incumprimento de obrigas estipuladas neste acordo de concesión por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do acordo.*

**DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

*A subvención terá vixencia ata a data de remate do exercicio económico do ano 2014, de acordo cos prazos de remisión da documentación e informes á Intervención Xeral establecidos para a fiscalización da xustificación.*

*O presente acordo de subvención non é prorrogable.*

**DÉCIMA PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

*A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación do presente acordo de concesión e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

**8(453).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PRA ORGANIZAR A “III CARREIRA POPULAR DA CEREIXA” O INDEIRO 1 DE XUÑO EN BEADE. EXPTE. 13045/333.**  
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 5.05.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación de Veciños do Centro Cultural de Beade xunto coa Agrupación de Atletismo de Xóvenes Atletas, a organizar o vindeiro domingo 1 de xuño de 2014, a “III CARREIRA POPULAR DA CEREIXA”, dita carreira comenizará ás 10.00 horas e rematará ás 13.30horas, o percorrido se levará a cabo pola carretera de Porto seguindo por Cño Laranxo, Cño. Millada, Cño Velouro, Carretera Coutada, Cño Covelo, Cño Dornelas, Cño Marzos, Batalla, Millada e chegada a meta.

**9(454).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “VI MARATHON INFANTIL DE COIA” O VINDEIRO DÍA 1 DE XUÑO. EXPTE. 12918/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 7.04.14, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación de Veciños Cristo da Victoria, a organizar o vindeiro 1 de xuño de 2014, a “VI MARATHON INFANTIL DE COIA”. A proba comenizará ás 10.30 horas e rematará sobre ás 13.30 horas, no treito comprendido entre a rúa Marín e a rúa Paredes, transcorrendo pola zona verde da Avda. De Castelao.

**10(455).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “CARREIRA SOLIDARIA CORREMOS X ALEX” O VINDEIRO 15 DE XUÑO. EXPTE. 12913/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 26.02.14, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao CPR ATLANTIDA, a organizar o vindeiro domingo 15 de xuño de 2014, a “CARREIRA SOLIDARIA CORREMOS X ALEX”, dita carreira comenizará ás 10.00 horas e rematará ás 14.00 horas, o percorrido será dende a Alameda Suárez Llanos onde será a saída e seguirá por Paulino Freire, Camilo Veiga, Johan Carballeira.

**11(456).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONTIDO REFUNDIDO E CONSOLIDADO DA “GUÍA TÉCNICA DE MANTEMENTO PARA OS CENTRO ESCOLARES PÚBLICOS”. EXPTE. 16026/332.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 2.05.14, conformado polo concelleiro de Educación, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 21 de marzo de 2014, adoptou entre outros o acordo de aprobar o procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo (Programa de Autoxestión).*

*Consonte ás bases do citado procedemento, e tendo en conta o novo marco de responsabilidade competencial instaurado tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) (BOE nº 312 do 30/12/2013) que no seu artigo 25.2.n) indica que as entidades locais exercerán como propia a competencia de conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial; a “Guía Técnica de Mantemento” é un manual práctico para os centros escolares que tenta facilitar a realización óptima das labores de mantemento preventivo e conservación continua cara a prolongar a vida útil destas infraestruturas educativas.*

*A Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) do Concello de Vigo considera primordial e necesaria a presenza de dito manual para clarear as competencias, alcances, frecuencias e necesidades que os edificios, instalacións e terreos escolares precisan e esixen; e en base a anos de experiencia práctica vai incorporando melloras e novas propostas ao contido desta guía de conservación e mantemento.*

*Á vista do anteriormente exposto e tendo en conta o texto refundido e consolidado da “Guía Técnica de Mantemento” para os centros escolares públicos que se incorpora ao presente expediente, propónse á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte acordo:*

*“Aprobar o contido refundido e consolidado da Guía Técnica de Mantemento para os centros escolares públicos, de acordo co texto que se achega no expediente”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(457).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE XANEIRO E ABRIL DE 2014. EXPTE. 10944/77.**

Mediante escrito de data 7.05.14, en cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, Voluntariado e Participación Cidadá, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Desenvolvemento Lcoal e Emprego durante os meses de xaneiro e abril de 2014, que son os seguintes:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
10768/77	CMSER	Contratación dun seguro contra roubo e incendio para o centro Socio-comunitario de Teis	Plus Ultra Seguros	504,93 €
10769/77	CMSER	Servizo de contenedores para "Vigo Emprega"	Baygar	571,12 €
10770/77	CMSER	Conexión á Central de alarmas do local municipal en Ríos-Teis	Segurgal	295,51 €
10771/77	CMSUM	Subministro material de oficina	Xenérico	1.000,00 €
10772/77	CMSUM	Subministro de prensa para os centros de Emprego	Xenérico	1.000,00 €
10773/77	CMSUM	Subministro de consumibles informáticos	Xenérico	4.000,00 €
10774/77	CMSER	Subministro de Servizos Sociais	Xenérico	1.000,00 €
10775/77	CMSER	Servizo de Portes e Mensaxería	Xenérico	1.000,00 €
10777/77	CMSUM	Adquisición materiais de construción e mantemento "Vigo Emprega"	Xenérico	18.000,00 €
10781/77	CMSER	Servizo mantemento sistema de base de datos de usuarios Servizo de Emprego	Baygar, S.L.	508,20 €
10783/77	CMSER	Servizo para reparación e mantemento maquinaria e útiles "Vigo Emprega"	Xenérico	3.000,00 €
10785/77	CMSUM	Adquisición materiais para obras en instalacións municipais de "Vigo Emprega"	Xenérico	15.000,00 €
10812/77	CMSUM	Subministros varios de cociña e restaurante-bar do O.E. "Vigo Capacita"	Xenérico	8.500,00 €
10813/77	CMSUM	Gastos Diversos para O.E. "Vigo Capacita"	Xenérico	5.000,00 €
Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
10817/77	CMSER	Dirección e proxecto de instalación eléctrica en local municipal. "Vigo Emprega"	Viser, S.L.	1.548,80 €

10818/77	CMSER	Cursos de Inglés Básico I e II, no programa "Vigo Integra"	Adecco Formación, S.A.U.	2.760,00 €
10819/77	CMSER	Cursos de Formación para o Emprego do programa "Vigo Integra" (Facebok, Linkekin, Ofimática Básica...)	Aevigo, S.L.	6.760,00 €
10820/77	CMSER	Cursos de Formación para o Emprego do programa "Vigo Integra" (Creación de empresas, Atención ao cliente, Técnicas de venta, carretilleiro,...)	Método, Estudios e Conultores, S.-L.U.	14.200,00 €
10826/77	CMSUM	Subministros de material de oficina do programa "Vigo Integra"	Xenérico	1.283,12 €
10827/77	CMSUM	Subministros de material de oficina do O. E. "Vigo Capacita"	Xenérico	500,00 €
10828/77	CMSER	Aluguer de equipos informáticos	Xenérico	1.000,00 €
10834/77	CMSER	Cursos de Internet, Correo electrónico e manexo de TPVs do programa "Vigo Integra"	Aevigo, S.L.	6.624,75 €
10839/77	CMSER	Reparación e mantemento de equipos informáticos do programa "Vigo Integra"	Xenérico	10.000,00 €
10844/77	CMSER	Reparación e mantemento mobiliario e equipos oficina do programa "Vigo Integra"	Xenérico	5.000,00 €
10854/77	CMSER	Aluguer medios de transporte	Xenérico	2.000,00 €
10866/77	CMSER	Curso de Xestión de Almacén do programa "Vigo Integra"	Método, Estudios e Conultores, S.-L.U.	1.500,00 €
10905/77	CMSUM	Subministros varios O. E. "Vigo Capacita"	Xenérico	720,00 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **13(458).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ANTE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA ACCIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROMOCIÓN DA IGUALDADE. EXPTE. 6324/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 13.05.14, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 67.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 30 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (DOG num. 86 do 7 de maio de 2014), distribuída do seguinte xeito:

- Programa de coeducación. Orzamento: 17.000,00 €. Axuda solicitada: 6.000,00€
- Programa de asistencia psicolóxica a fillos e fillas de mulleres maltratadas. Orzamento: 9.866,30 €. Axuda solicitada: 4.000,00€.
- Servizo de atención domiciliaria á Infancia. Orzamento:131.385,30€. Axuda solicitada: 12.000,00€
- Axuda ao mantemento de emprego estable do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Orzamento: 160.423,04 €. Axuda solicitada: 45.000,00€

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da concellería de Igualdade, a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte subvencionado para a súa completa realización.

3º.- Designar á xefa do servizo municipal de igualdade Dna. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade que se desprenden das bases reguladoras aprobadas mediante Resolución do 30 de abril de 2014 que rexerán estas axudas.

**14(459).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á EMPRESA SÁNCHEZ ÁLVAREZ S.L. POR RETIRADA DE ÁRBORE EN RÚA EDUARDO IGLESIAS Nº 22. EXPTE. 7565/446.**

Visto o informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 8.05.14, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución de aval requirido a empresa Sánchez Álvarez S. L. por importe de 503,20 € por retirada de árbore na rúa Eduardo Iglesias 22 por obras en edificio en dita dirección, xa que unha vez rematadas as obras dita árbore foi repostado correctamente.

**15(460).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SIN SER OFICIAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2014. EXPTE. 25218/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 08.05.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 6.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, segundo relación que se achega no expediente, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor,as cantidades que figura para cada un deles no expediente e que comeza por Miguel Ángel Alonso Cue e remata por José Vázquez de Franciso, ,

por un importe total de 2.528,24 € correspondentes ó 1º trimestre de 2014, partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**16(461).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE NOVEMBRO 2013 E MARZO 2014 EXPTE. 25144/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7.05.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 30.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas realacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Alcaldía (conductores)	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	Marzo-2014	114,00
Extinción Incendios	De Alonso Barciela, Rubén a Veiga García, Rubén	Marzo-2014	359,00
Policia Local (Xulgado)	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vila Campos, Francisco	Marzo-2014	560,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Alonso Duarte, David a Villar Miguelez, Manuel	Marzo-2014	500,00
Inspección Vías e Obras	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio	Novembro-2013	91,00
Ospio	De Ferro Macho, Angel a Vázquez Rial, Ramón	Novembro-2013	80,00
Parque Central	De Abelleira Porrua a Frojan Villaverde, José	Novembro-2013	177,00
Parque Móbil (Parque Central)	De Comesaña Davila, José a Troncoso Martínez, Avelino	Novembro-2013	60,00
Parque Móbil (Vías e Obras)	De Alonso Iglesias, Manuel a Prieto Domínguez, Florentino	Novembro-2013	50,00
Parque Móbil (Limpeza)	De Alonso González, Ángel a Quintas Pérez, Manuel	Outubro-2013	40,00
SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Móbil	De Amoedo Moreira, José Luis a	Outubro e	94,30



	Martínez Bastos, Emilio	Novembro-2013	
Vías e Obras	De Alonso Cue, Miguel Ángel a Rodríguez Rocha, Rodrigo	Outubro e Novembro-2013	375,00
Desinfección	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	Novembro-2013	53,00
Cultura	De Vázquez Martínez, Ramón	Novembro-2013	9'00
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Dasilva, Eduardo A.	Novembro-2013	105,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 24.958,91 €”.

**17(462).- AUTORIZACIÓN DE ABOAMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE AO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS E PARQUE MÓBIL. EXPTE. 23537/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7.05.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.03.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Mobil, con funcións de execucion de firmes e pavimentos.

2º.-Autorizar o aboamento , en concepto de toxicidade , conforme ao punto terceiro f) das vixentes instruccións sobre plantilla e relacion de postos de traballo do persoal o servizo da corporacion e dos seus organismos autónomos, a cantidade de 5,58€/hora, para o cal deberá remitirse ao Servizo de Recursos Humanos, relación de traballadores, nome, nº de persoal, posto, datas e n de horas da xornada laboral nas que os traballadores realicen as funcións suas funcións nas circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos, sen prexuízo da obrigatoriedade de utilización das medidas preventivas dispostas polo Servizo de Prevencion de Riscos Laborais.

**18(463).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO PERSOAL QUE PARTICIPA NAS TAREFAS DE LIMPEZA ESPECIAL DAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 25215/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 05.05.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 6.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecanicos

que participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais , D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuacion se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instruccións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesion de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 1º trimestre do ano 2014.

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	351.05
79136	Francisco J Bea Puentes	280.84

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 631,89€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo periodo correspondente ao 1º trimestre do ano 2014.

#### **19(464).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

##### **A) RESOLUCIÓN DE DATA 13.05.14 DE DECLARACIÓN DA DE SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SUSPENSIÓN DE FUNCIONS DE D. MANUEL A. SABIO SANZ. EXPTE.25239/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 9.05.14, que di o seguinte:

##### **ANTECEDENTES**

1.- En escrito de data 23/04/2014 (documento administrativo nº 140048179) D. Manuel Andrés Sabio Sanz, funcionario municipal adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) con nº de persoal 18.490, solicita a declaración da situación administrativa que proceda, aportando copia da Sentenza nº 19/09, do 15 de abril, dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra (sede en Vigo) no procedemento penal abreviado nº 65/2008-J, no cal se lle condena a unha pena de 3 anos e 6 meses de prisión por un delito de tráfico de drogas, xunto coa inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena.

Debe indicarse que no citado procedemento xudicial non foi parte o Concello de Vigo, nin se tiña coñecemento algún da existencia da indicada resolución xudicial penal neste Servizo de Recursos Humanos.

2.- O indicado funcionario solicitara no ano 2013 un permiso sen soldo dos previstos no artigo 17 do vixente Acordo regulador, tendo sido informado favorablemente polo oficial Subxefe do SEIS e autorizado por acto administrativo, toda vez que o funcionario citado reunía os requisitos legais para o disfrute do mesmo, e non lle constaba ao Concello de Vigo a sentenza penal indicada. O permiso non retribuído indicado rematou o pasado 30/04/2014.

En consecuencia, procede a declaración na situación administrativa correspondente.

##### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, contempla, dentro do epígrafe das situacións administrativas, a suspensión de funcións dos funcionarios públicos (ben distinta á suspensión de funcións derivada de sanción disciplinaria e/ou penal contemplada dentro do réxime disciplinario dos funcionarios públicos).

Dito precepto contempla expresamente que:

“1. El funcionario declarado en la situación de suspensión quedará privado durante el tiempo de permanencia en la misma del ejercicio de sus funciones y de todos los derechos inherentes a la condición. La suspensión determinará la pérdida del puesto de trabajo cuando exceda de seis meses.

2. La suspensión firme se impondrá en virtud de sentencia dictada en causa criminal o en virtud de sanción disciplinaria. La suspensión firme por sanción disciplinaria no podrá exceder de seis años.

3. El funcionario declarado en la situación de suspensión de funciones no podrá prestar servicios en ninguna Administración Pública ni en los Organismos públicos, Agencias, o Entidades de derecho público dependientes o vinculadas a ellas durante el tiempo de cumplimiento de la pena o sanción.

4. Podrá acordarse la suspensión de funciones con carácter provisional con ocasión de la tramitación de un procedimiento judicial o expediente disciplinario, en los términos establecidos en este Estatuto.”

Dende esta óptica, e visto o contido do fallo da Sentenza nº 19/09, do 15 de abril, dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra (sede en Vigo) no procedemento penal abreviado nº 65/2008-J, condenando a D. Manuel Andrés Sabio Sanz á pena de 3 anos e 6 meses de prisión, concurre unha evidente situación de imposibilidade legal e fáctica de prestación do servizo público por parte do efectivo citado, que deriva directa e inmediatamente na necesidade de declarar a suspensión do vínculo xurídico de suxeición especial (relación de servizo, vid a tal efecto GARCÍA DE ENTERRÍA, E. en “Curso de Derecho Administrativo, Ed. Civitas) que lle une con esta Administración Municipal de Vigo.

En calquera caso, o indicado funcionario en ningún momento comunicou tal incidencia, como era a súa obriga, á Xefatura do Servizo de Recursos Humanos nin á Xefatura da Área de Réxime Interior.

II.- A dita situación, de conformidade co establecido no artigo 91 da norma indicada en relación co disposto no artigo 22.4 do RD 365/1995, do 10 de marzo, do Regulamento de situacións administrativas –de aplicación supletoria no que non se opoña ao previsto na lexislación básica, ex Disposición Final Cuarta do propio EBEP- o funcionario declarado na situación administrativa de suspensión de funcións deberá solicitar o reingreso ao servizo activo con 1 mes de antelación á finalización do período de duración da suspensión, tendo dito reingreso efectos económicos e administrativos dende a data de extinción da responsabilidade penal ou disciplinaria.

De non solicitarse o reingreso no prazo indicado, declararáselle de oficio na situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos dende a data de finalización da suspensión. Se unha vez solicitado o reingreso ao servizo activo non se concede no prazo de seis meses, o funcionario será declarado, de oficio, na situación de excedencia forzosa prevista no artigo 13.1.b) con efectos da data de extinción da responsabilidade penal ou disciplinaria.

III.- Vistos os antecedentes e motivación expostos, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 07.02.2013 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como aquelas competencias que en canto á declaración de situacións administrativas teño delegadas pola Xunta de Goberno Local (Acordo de 08.02.2013), pola presente

## RESOLVO

Primeiro.- Declarar na situación administrativa de suspensión de funcións ao funcionario municipal D. MANUEL ANDRÉS SABIO SANZ, con nº de persoal 18.490, adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS) do Concello de Vigo, como consecuencia directa da execución da Sentenza nº 19/09, do 15 de abril, dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra (sede en Vigo) no procedemento penal abreviado nº 65/2008-J, no cal se lle condena a unha pena de 3 anos e 6 meses de prisión, xunto coa inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, con efectos económicos e administrativos do 01/05/2014, día seguinte ao do remate do permiso non retribuído que se atopaba disfrutando o funcionario indicado ao abeiro do artigo 17 do vixente Acordo Regulador.

Segundo.- Dispoñer que o funcionario declarado na situación administrativa de suspensión de funcións deberá solicitar o reingreso ao servizo activo con 1 mes de antelación á finalización do período de duración da suspensión, tendo dito reingreso efectos económicos e administrativos dende a data de extinción da responsabilidade penal ou disciplinaria.

De non solicitarse o reingreso no prazo indicado, declararáselle de oficio na situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos dende a data de finalización da suspensión. Se unha vez solicitado o reingreso ao servizo activo non se concede no prazo de seis meses, o funcionario será declarado, de oficio, na situación de excedencia forzosa prevista no artigo 13.1.b) con efectos da data de extinción da responsabilidade penal ou disciplinaria

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, notificando a mesma á Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade, Oficial Subxefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Negociado de Seguridade Social-Inspector Auxiliar), Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e interesado, para coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 13.05.14, o Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**B) RESOLUCIÓN DO 8.05.14 DE RENUNCIA DE D<sup>a</sup> SANDRA GRÉGORES ÁLVAREZ, AUXILIAR DE LABORATORIO MUNICIPAL (CONTRATO PRÁCTICAS) CON EFECTOS DE 6.05.2014, POR MELLORA DE EMPREGO EXPTE.25219/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Negociado de Réxime Interior, do 05.05.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*Con data 5 de maio de 2014 tivo entrada a través do Rexistro Xeral a solicitude presentada por D<sup>a</sup> SANDRA GREGORES ALVAREZ, con DNI 76.905.492-R, auxiliar de laboratorio do Laboratorio Municipal, a través da cal renuncia con efectos do 6 de maio de 2014 a dito posto.*

*A interesada foi contratada por un periodo dun ano, prorrogable, con data de inicio de 1 de agosto de 2012 cun contrato en prácticas a tempo completo que finalizaría con data 31 de xullo de 2014, por acordo da Xunta de Goberno Local con data 27 de xullo de 2012.*

*Pola Xefa do Laboratorio Municipal infórmase que: “desde esta xefatura, que non hai impedimento para aprobar a citada renuncia, tendo en conta que se trata dunha situación de mellora de emprego.”*

*De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de Abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas produciuse pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.*

*Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art.124.4.i da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto a xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 7 de febreiro de 2013, propónse a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.*- Aceptar a renuncia presentada con data 4 de maio de 2014 por D<sup>a</sup> Sandra Gregores Álvarez, con DNI 76.905.492-R, N<sup>o</sup> de persoal 82219, auxiliar de laboratorio do Laboratorio Municipal, con efectos do 6 de maio de 2014.

*Segundo.*- A presente resolución será notificada ao interesado, Sr. Xefa do Laboratorio Municipal, , Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social, Sr. Técnico de Planificación e Organización, Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.

*Contra a presente resolución poderase interpoñer un recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Admi-*

nistrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte a notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 8.05.14, o Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **20(465).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.239,26 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS PRESTADOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO DA PRAZA DE PORTUGAL E REFACTURACIÓN DE GASTOS- MARZO 2014. EXPTE. 334/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.05.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 29.04.14, conformado polo xefe da Área de Fomento e polo concelleiro-delegado de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola cidade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo seguinte importe ( iva engadido ) :

MARZO 2014 : importe 21.239,26 € ( funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 15.794,26 € )

#### **21(466).- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA HISPANIDADE (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA). EXPTE. 2451/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 12.05.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*En data 27 de decembro de 2013, a Xunta de Goberno Local, acorda a adxudicación das obras "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA HISPANIDADE (ENTRE GRAN VÍA E ZAMORA". á mercantil C. ALDASA, S.L.U, por un prezo total de 163.000 Euros, formalizándose o contrato maior de obras en data 30 de decembro de 2013.*

*O prazo de execución das obras estableceuse no Prego de Cláusulas Administrativas en TRES (3) meses.*

*En data 14 de xaneiro de 2014, fírmase o Acta de Comprobación de Replanteo suspendendo temporalmente o comezo das obras, en tanto non sea aprobado o Plan de Seguridade e Saúde polo órgano de Contratación. Unha vez superada a causa que impediu o inicio da execución da obra fírmase un anexo ao Acta de Comprobación de Replanteo en data 28 de febreiro de 2014, comezando a contar o prazo de execución das obras, debendo finalizar éstas o 28 de maio de 2014.*

*En data 23 de marzo de 2014 prodúcese o falecemento repentino e inesperado do Administrador Único e Xerente da empresa., motivo polo que se solicitou a paralización temporal da obra en data 3 de abril de 2014.*

*As últimas voluntades non foron coñecidas polos heredeiros legais ata 23 días despois do falecemento.*

*Se prevé o nomeamento dun novo administrador de C. Aldasa nun prazo breve de tempo que se estima en aproximadamente 10 días.*

*Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 12 de maio, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:*

PROPOSTA:

*1.- Aprobar a prórroga para a obra "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA HISPANIDADE (ENTRE GRAN VÍA E ZAMORA)", da empresa C. Aldasa, S.L.U. pasando a ser o novo prazo de finalización das obras o próximo 28 de xullo de 2014, non significando incremento algún sobre o orzamento da obra.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**22(467).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.